



PACs: Impugnación da instrución de 27 de xullo de 2022 de medidas urxentes ditada polo SERGAS

CIG-Saúde impugna a “instrución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde de data 27 de xullo de 2022 sobre medidas urxentes e excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de persoal sanitario nos puntos de atención continuada” por **ser contraria a dereito**.




Para CIG-Saúde unha “instrución” **non pode suspender dereitos dos empregados/as públicos** e/ou a impor novas obrigas; unha “instrución” está dirixida a aplicar e desenvolver as normas, non a modificalas.



Pese que a “instrución” foi abordada en mesa sectorial, rexeitouse polos sindicatos, polo que **foi imposta** pola Dirección de RRHH do SERGAS.

CIG-Saúde entendemos que o SERGAS obviou a negociación colectiva.



Para CIG-Saúde as **xustificacións** argumentadas na “Instrución” sobre determinadas **circunstancias “extraordinarias”**, **non constitúen razóns de forza maior** que puideren habilitar “ás autoridades sanitarias” a facer unha **suspensión transitoria de dereitos laborais** mediante unha “instrución”.

CIG-Saúde esixe o cese das políticas de recortes de dereitos e negociación das condicións de traballo actuais!!